Concello de Tordoia

Federación Galega de Atletismo

XI CARREIRA POPULAR PEDESTRE "TORDOIA IN ESSENCE"
III ANDAINA POPULAR 2021

Sábado 9 de Outubro de 2021
Seixán, Cabaleiros (Tordoia) a partir das 16:30 h horas

A área de Deportes do Concello de Tordoia co control técnico da Federación Galega de Atletismo, organizan a Carreira Popular Pedestre "Tordoia in Essence" e a Andaina Popular 2021, o sábado 9 de outubro (sábado de tarde) a partir das 16:30 horas.

Ofertanse dúas probas distintas para dar resposta á demanda existente: unha competitiva, como é a carreira a pé, e outra máis enfocada car o ocio e disfrute como e a andaina. O percorrido da carreira e da andaina será o mesmo.

As probas rexiranse dacordo ao seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O Control das carreiras estará a cargo da organización.

2. A proba estará suxeita ao **protocolo fisiocovid-19** vixente na data de celebración da mesma.

3. Categorías dos participantes:

Categorías e horarios

CATEGORIA	ANO DE NACEMENTO	HORA	DISTANCIAS
Pitufo	Nados en 2016 e posteriores	16:30h	100 m
Prebenxamín	Nados en 2014 - 2015	16:40 h	300 m
Sub 10 e Sub 12	2012-2013 e 2010-2011	16:50 h	700 m
Sub 14 e Sub 16	2008-2009 e 2006-2007	17:05 h	1800 m
ANDAINA	TODAS AS IDADES	17:20 h	6850 m
Sub 18	2004 – 2005	18:00 h	6850 m
Senior	1987 ata 2003	18:00 h	6850 m
Máster 1	Nados/as entre 1976 e 1986	18:00 h	6850 m
Máster 2	Nados/as entre 1975 e 1966	18:00 h	6850 m
Máster 3	Nados/as en 1965 e anteriores	18:00 h	6850 m
ENTREGA DE PREMIOS AS 19:30 HORAS			

4. INSCRICIONS

- ✓ A inscrición da proba absoluta (de sub 18 a máster) poderá realizarse na web **www.emesports.es** con data límite o **mércores 6 de outubro ás 23:59 horas***.

- ✓ A inscrición das carreiras escolares (de pitufo a sub 16) farase tamén a través da páxina web **www.emesports.es** con data límite o **mércores 6 de outubro ás 23:59 horas***.

PREZOS DA INSCRICION

- **CATEGORIAS ESCOLARES (de pitufo a sub 16 incluídos):** **GRATUITA**
- **PROBA ABSOLUTA e ANDAINA (de sub 18 a máster):** **5 €**

* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina web **www.emesports.es**. Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono 654 285 692 ou no em@il ***santiago@atletismo.gal***.

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da proba.

5. PREMIOS E TROFEOS

- Haberá trofeo para os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría e sexo, e para o primeiro home e a primeira muller mellor clasificados empadroados no Concello de Tordoia.
- Tamén se outorgarán trofeos aos tres primeiros/as clasificados/as da xeral absoluta (premios NON acumulativos).
- No referente á **ANDAINA**, non haberá trofeos. Si que levarán, en cambio, como todos os participantes nas carreiras, un agasallo commemorativo. **Os menores de idade deberán ir acompañados dun adulto na ANDAINA.**

6. **A SAÍDA** das probas terá lugar no **Campo da festa de Cabaleiros** (Seixán). Os participantes estarán na saída 5 minutos antes do comezo da súa proba co seu pertinente dorsal identificador.

7. A entrega de dorsais terá como tempo límite 30 minutos antes da proba e realizarase a carón da saída das probas. Os dorsais colocaranse nun lugar visible na parte anterior do corpo (zona próxima ao peito), respetándose a publicidade existente neles.

8. Está rigurosamente prohibido o acompañamento dos participantes e tamén a entrada ao circuíto de toda persoa allea á carreira.

9. Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular éste, falsificar datos persoais, ou competir co dorsal ou chip doutra persoa.

10. As reclamacións referentes aos resultados oficiais, deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse os resultados.

11. Todos/as os/as corredores terán un Seguro de Accidentes Deportivos, (no caso de non estar federados), e o correspondente R.C., polo que **estará prohibido correr sen estar inscrito dentro do prazo establecido.**

12. A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.

13. Todo o non recollido no presente regulamento rexirase pola normativa de probas en ruta da FGA e da RFEA en vigor.

14. LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.